

1. Segundo o artigo 4 do Regulamento da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC), por quen está formada a Comisión da Biblioteca Universitaria?
 - a) Polo reitor ou persoa en quen delegue, o/a director/a da Biblioteca Universitaria, os/as presidentes das Comisións de Bibliotecas dos centros, 7 representantes da Biblioteca Universitaria e representantes dos alumnos/as nunha proporción do 20%
 - b) Polo reitor ou persoa en quen delegue, o/a director/a da Biblioteca Universitaria, os/as presidentes das Comisións de Bibliotecas dos centros, 7 representantes da Biblioteca Universitaria e representantes dos alumnos/as nunha proporción do 30%
 - c) Polo reitor ou persoa en quen delegue, o/a director/a da Biblioteca Universitaria, os/as presidentes das Comisións de Bibliotecas dos centros, 6 representantes da Biblioteca Universitaria e Representantes dos alumnos/as nunha proporción do 30%
 - d) Polo reitor ou persoa en quen delegue, o/a director/a da Biblioteca Universitaria, os/as presidentes das Comisións de Bibliotecas dos centros, 6 representantes da Biblioteca Universitaria e Representantes dos alumnos/as nunha proporción do 20%
2. Como se denomina o código numérico que permite coordinar e normalizar a identificación de calquera libro para localizalo e facilitar a súa circulación no mercado?
 - a) ISBN
 - b) ISSN
 - c) DOI
 - d) PMID
3. Segundo o Real Decreto 1708/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o Sistema español de arquivos e se regula o Sistema de arquivos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos e o seu réxime de acceso, forman parte do sistema español de arquivos:
 - a) O sistema de Arquivos da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos
 - b) O sistema de Arquivos da Administración Xeral do Estado, autonómica, provincial e local e os seus organismos públicos
 - c) O sistema de Arquivos da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos e os privados vinculados
 - d) O sistema de Arquivos da Administración Xeral do Estado, autonómica, provincial e local e os seus organismos públicos e os privados vinculados
4. Cal é unha das catro liñas estratéxicas na que traballa REBIUN na actualidade?
 - a) Transformación dixital e coñecemento aberto
 - b) Dar soporte á docencia, aprendizaxe e investigación, e xestión
 - c) Incrementar o nivel de formación profesional dos bibliotecarios
 - d) REBIUN e calidade
5. Segundo a Instrución 1/2020 da Secretaría Xeral, para o tratamento e xestión da documentación administrativa na USC, de que debe ir acompañada toda transferencia documental?
 - a) Da súa correspondente relación de entrega e unha copia da base de datos onde se atope relacionada a documentación que se envía ao Arquivo
 - b) Da súa correspondente relación de entrega, unha copia da base de datos onde se atope relacionada a documentación que se envía ao Arquivo, e da documentación de apoio informativo
 - c) Da súa correspondente relación de entrega, unha copia da base de datos onde se atope relacionada a documentación que se envía ao Arquivo, da documentación de apoio informativo e de todas as copias existentes
 - d) Da súa correspondente relación de entrega e da anotación no cadro de clasificación que terá no arquivo

6. Indica cal das seguintes opcións se corresponde cun consorcio de bibliotecas universitarias españolas:
- IWETEL
 - OCLC
 - EXPANIA
 - BUCLE
7. O arquitecto Faulkner-Brown propón dez principios que debería ter un edificio de biblioteca. Cal non é un deles?
- Confortable
 - Compacto
 - Ergonómico
 - Organizado
8. A Constitución Española indica que a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal?
- Si, recólleo no artigo 18.4
 - Non, no momento da súa redacción non se fixo esta previsión
 - Non, xa que os avances técnicos farán innecesaria esta limitación
 - Si, pero só no caso de colectivos vulnerables
9. Segundo as *Normas y directrices para bibliotecas universitarias y científicas* de REBIUN (2ª ed. aumentada, 1999), considérase conveniente que o edificio da biblioteca conte cos seguintes espazos:
- Acceso, área de servizo público, área de traballo interno, depósito e zona de aparcamento
 - Acceso, área de servizo público, área de traballo interno, depósito e instalacións técnicas
 - Acceso, área de servizo público, área de traballo interno, depósito e zona verde
 - Acceso, área de servizo público, área de traballo interno, depósito e *makerspaces*
10. Cal dos seguintes non é un principio xeral de actuación das administracións públicas, de acordo co artigo 3 da Lei de réxime xurídico do sector público (LRXSP)?
- Servizo efectivo aos cidadáns.
 - Simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns
 - Participación, obxectividade e transparencia da actuación administrativa.
 - Gratuidade dos servizos prestados.
11. Segundo as *Normas y directrices para bibliotecas universitarias y científicas* de REBIUN (2ª ed. aumentada, 1999), non se considera como criterio decisivo na selección:
- Lingua de publicación
 - Prezo
 - Valores bibliográficos
 - Previsión de uso
12. Cal é a norma galega de descrición arquivística?
- NOGADA
 - ISAD (G)
 - NGDA
 - NEDA

13. Segundo o documento *Cuestións clave para el desarrollo de coleccións con recursos electrónicos. Una guía para bibliotecas*, desenvolvida pola Sección de Adquisicións da IFLA, enténdese como Pagamento por uso:

- a) O método por transacción de compra de acceso ao material no momento do uso en lugar dunha subscripción pre-pagada
- b) A cláusula nun acordo de licenza que permite á biblioteca retirar ou cancelar unha subscripción, tipicamente ao principio do período de renovación da licenza
- c) O contrato a curto prazo para alugar ou prestar acceso a un recurso
- d) Un plan onde as persoas usuarias poden seleccionar material dun inventario de libros electrónicos cargado nun catálogo público. A biblioteca adquire os materiais seleccionados para os seus fondos permanentes, despois dun acordo sobre o número de accesos, por un certo período de tempo ou outro método acordado

14. En relación ao dereito e obriga de relacionarse electronicamente coas administracións públicas, cal destas afirmacións non é correcta?

- a) As persoas físicas poderán modificar o medio elixido para comunicarse coas administracións públicas en calquera momento.
- b) Tanto as persoas físicas como as persoas xurídicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas administracións públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos ou non.
- c) Será obrigatorio relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas a quen exerza unha actividade profesional para a que se requira a colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que se realicen en exercicio da dita actividade profesional
- d) Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración tamén deberá exercer a súa representación por medios electrónicos

15. Segundo o artigo 34 do Regulamento da BUSC, non se poderán prestar fóra das instalacións da Biblioteca Universitaria:

- a) Manuscritos, incunables, obras editadas entre 1500 e 1958, publicacións periódicas, obras de referencia, manuais, estampas, debuxos e mapas e obras de singular ou especial valor
- b) Manuscritos, incunables, obras editadas entre 1500 e 1958, publicacións periódicas, publicacións seriadas, obras de referencia, ordenadores portátiles, e obras de singular ou especial valor
- c) Manuscritos, incunables, obras editadas a partir de 1500, publicacións periódicas, obras de referencia, estampas, debuxos e mapas e obras de singular ou especial valor
- d) Manuscritos, incunables, obras editadas entre 1500 e 1958, publicacións periódicas, obras de referencia, estampas, debuxos e mapas e obras de singular ou especial valor

16. Na BUSC, non é un método de adquisición:

- a) Transferencia
- b) Compra
- c) Intercambio
- d) Subscripción

17. O modelo de contratación no que se ofrece á biblioteca a posibilidade de comprar un título cando se supera un número de consultas acordado entre biblioteca e editor, coñécese como:

- a) Big Deal
- b) Pick & choose
- c) Approval Plan
- d) PDA (Patron Driver Acquisition)

18. A Clasificación da Library of Congress ten a súa orixe na:
- Clasificación de Brunet
 - Clasificación de Bliss
 - Clasificación de Dewey
 - Clasificación de Cutter
19. As Normas y directrices para bibliotecas universitarias y científicas de REBIUN (2ª ed. aumentada, 1999), ao planificar os espazos na biblioteca universitaria, recomendan:
- 1 m² por persoa usuaria e 1 posto por cada 5 alumnos/as
 - 1 m² por persoa usuaria e 1 posto por cada 7 alumnos/as
 - 1 m² por persoa usuaria e 2 postos por cada 5 alumnos/as
 - 1 m² por persoa usuaria e 2 postos por cada 5 alumnos/as
20. Segundo a lexislación española vixente en materia de Propiedade Intelectual, as entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual:
- Poden ter ánimo de lucro
 - Deben obter a autorización do Ministerio del Interior
 - Non poden autorizar a distribución por cable
 - Son propiedade dos seus socios e estarán sometidas ao seu control
21. Cal é a ordenación máis adecuada nun depósito pechado?
- Sistemática
 - Por materias
 - Alfabética
 - Por número currens
22. Segundo o artigo 2 do regulamento do Arquivo Universitario da USC (Xunta de Goberno, 20 de xullo de 1998) , na súa condición de histórico, que fondos o integran?
- Todos os fondos documentais xerados pola Universidade ao longo da súa historia, así como polos fondos documentais non universitarios adquiridos, doados ou cedidos en depósito, sen prexuízo do establecido nos Estatutos da Universidade para a Biblioteca Universitaria.
 - Todos os fondos documentais xerados pola Universidade ao longo da súa historia, así como os fondos documentais doutras universidades galegas que non dispoñan de arquivo.
 - Todos os fondos documentais xerados pola Universidade ao longo da súa historia, así como polo fondo documental en depósito do Concello de Santiago.
 - Todos os fondos documentais creados polas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo ao longo da súa historia.
23. Segundo o artigo 11 da Lei 10/2007 da lectura, do libro e das bibliotecas, cando o consumidor final do libro sexa unha biblioteca, poderá facerse unha excepción do seu prezo fixo de:
- Un desconto de ata o 20% do prezo fixo
 - Un desconto de ata o 10% do prezo fixo
 - Un desconto de ata o 5% do prezo fixo
 - Un desconto de ata o 15% do prezo fixo
24. No estándar RDA, o tipo de soporte é un atributo de:
- A obra
 - A manifestación
 - A expresión
 - O ítem

25. Cal non é unha das metas propostas no Cuarto Plan estratéxico de REBIUN: 2020-2023?
- Mellorar a viabilidade e utilidade dos programas cooperativos de REBIUN e explorar novas iniciativas de cooperación e coordinación entre as bibliotecas da rede
 - Fortalecer o vínculo entre REBIUN e as Bibliotecas Públicas do Estado mantendo a súa capacidade de actuación e de toma de decisións
 - Axudar ás bibliotecas da rede na súa xestión dos recursos humanos nas áreas de organización do traballo e desenvolvemento profesional
 - Impulsar a contribución das bibliotecas universitarias e científicas á Axenda 2030
26. Segundo o artigo 10 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, a quen lle corresponde coordinar, alentar e elaborar pautas e directrices para o tratamento, a restauración e a dixitalización do patrimonio bibliográfico galego e para a creación de repositorios de libre acceso á información, buscando unificar ou interrelacionar procedementos de traballo cos arquivos e museos de Galicia?
- Ao Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia
 - Á consellería competente en materia de bibliotecas
 - Á Biblioteca de Galicia
 - Ao Consello de Coordinación de Bibliotecas de Galicia
27. Segundo se recolle nas *Normas y directrices para bibliotecas universitarias y científicas de REBIUN (2ª ed. aumentada, 1999)*, a iluminación artificial nos depósitos onde están os fondos pertencentes ao patrimonio histórico bibliográfico da Universidade non debe superar os:
- 200 lux
 - 150lux
 - 300 lux
 - 250 lux
28. Cal destas afirmacións acerca da actividade de reconto é falsa?
- O reconto consiste en levar a cabo un inventario periódico dos fondos dunha biblioteca
 - O reconto consiste en reordenar os fondos de xeito exhaustivo para localizar os documentos que estean fóra do seu sitio correcto
 - O reconto consiste en seleccionar documentos obsoletos para a súa destrución
 - O reconto consiste en contrastar os documentos nos estantes coas existencias no catálogo da biblioteca
29. Cal destas afirmacións non é correcta en relación á representación dos interesados nun procedemento administrativo?
- Os interesados con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante.
 - As persoas físicas con capacidade de obrar e as persoas xurídicas, sempre que isto estea previsto nos seus Estatutos, poderán actuar en representación doutras ante as Administracións Públicas
 - Para formular solicitudes e presentar declaracións responsables presumirase a representación; só será preciso acreditarla para presentar recursos ou renunciar a dereitos.
 - A representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia
30. Segundo a lexislación vixente, cal das seguintes publicacións non está suxeita á obriga do depósito legal?
- Partituras
 - Cromos
 - Mapas
 - Calendarios

31. Segundo se recolle nas *Normas y directrices para bibliotecas universitarias y científicas* de REBIUN (2ª ed. Aumentada, 1999), a finalidade da expurgación é:
- Seleccionar documentos deteriorados para destruílos
 - Mellorar a calidade e a accesibilidade das coleccións da biblioteca
 - Comprobar a correspondencia entre o catálogo topográfico da biblioteca e a existencia física dos libros no seu sitio
 - Retirar dos estantes de libre acceso os libros menos prestados para pasalos a un depósito
32. Segundo o artigo 62 da Lei 16/1985 do patrimonio histórico español a Administración do Estado garantirá o acceso de todos os cidadáns españois aos Arquivos, Bibliotecas e Museos...
- Independentemente da súa titularidade
 - En función dos criterios da propia institución
 - De titularidade estatal
 - De titularidade pública e privada
33. A Lei 10/2007 da lectura, do libro e das bibliotecas define a *publicación periódica* como:
- Toda obra científica, literaria ou de calquera índole que aparece ou se comunica de forma continuada, editada nunha sucesión de fascículos ou partes separadas, que leva normalmente unha numeración e que non ten unha duración predeterminada
 - Toda publicación que aparece ou se comunica de forma continuada cunha periodicidade non establecida, de carácter cultural ou científico
 - Toda publicación que aparece ou se comunica de forma continuada cunha periodicidade establecida, de carácter cultural ou científico
 - Toda obra científica, literaria ou de calquera índole que aparece ou se comunica de forma continuada, editada nunha sucesión de fascículos ou partes separadas, que leva normalmente unha numeración e que ten unha duración predeterminada
34. Dende o punto de vista do axente causante, os factores de deterioro dos materiais bibliográficos non inclúen:
- Os fungos
 - O pH superior a 5
 - A manipulación
 - Os aerosois
35. Na 6ª edición da Clasificación Decimal Universal de 2015, o número 5 fai referencia a:
- O número 5 está baleiro
 - Ciencias aplicadas. Medicina. Tecnoloxía
 - Matemáticas. Ciencias naturais
 - Estatísticas. Economía. Política. Dereito
36. O perfil ORCID:
- Está reservado a membros de institucións académicas ou científicas con perfís noutros sistemas de identificación de autores como ResearcherID, Author ID de Scopus, Dialnet
 - Ten asociado un código composto de 16 díxitos, exprésase como unha dirección URL única que permite a vinculación con outros sistemas de identificación de autores para intercambiar e/ou importar as referencias de publicacións xa indexadas
 - Está composto por varias seccións e varios elementos que se poden configurar para permitir ou restrinxir a súa visibilidade. As opcións de visibilidade son dúas: todos (público) ou só eu (privado)
 - Permite a importación automática de referencias bibliográficas exclusivamente de Google Scholar, CrossRef e Dialnet

37. Segundo a Instrución 1/2020 da Secretaría Xeral, para o tratamento e xestión da documentación administrativa na USC, cal será o prazo de duración máximo dun préstamo documental sen ter en conta as posibles prórrogas?
- a) 2 meses
 - b) Virá estipulada na solicitude de préstamo
 - c) 1 ano
 - d) 1 mes
38. Segundo a páxina web do Arquivo Histórico Universitario da USC, no apartado Consulta, como é o acceso á documentación?
- a) Libre, coas limitacións marcadas pola normativa vixente, tras a presentación do DNI ou documento acreditativo da identidade
 - b) Libre, coas limitacións marcadas pola normativa vixente, tras a presentación da TUI ou tarxeta temporal para persoas usuarias externas
 - c) Libre, coas limitacións marcadas pola normativa vixente; a primeira vez o persoal expediralles un carné de usuario/a
 - d) Libre, coas limitacións marcadas pola normativa vixente, para alumnado ou persoal da USC. Para persoas usuarias externas será preciso expedir unha autorización temporal de consulta
39. Cal dos seguintes é o nome dunha ferramenta de descubrimento?
- a) Alma
 - b) Primo
 - c) Meiga
 - d) Ex Libris
40. Un dos subcatálogos de Iacobus, o catálogo automatizado da BUSC, chámase:
- a) Coleccións electrónicas
 - b) Coleccións dixitais
 - c) Fondo local
 - d) Autores galegos na BUSC
41. Segundo o artigo 34 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, considérase infracción leve:
- a) A deterioración culposa do mobiliario da biblioteca, dos seus materiais e recursos de información, así como do inmovible no que se sitúe a biblioteca
 - b) As accións ou omisións que supoñan a perda, a destrución ou en xeral a inutilización definitiva de fondos documentais bibliotecarios ou de recursos de información das bibliotecas
 - c) A negativa ou a obstrución á actividade inspectora da consellaría competente en materia de bibliotecas
 - d) A realización de reproducións de fondos bibliográficos de titularidade autonómica sen autorización ou con incumprimento das condicións establecidas pola consellaría competente en materia de bibliotecas
42. En Iacobus a busca avanzada pódese facer por:
- a) Palabra clave, Autor, Título, Tema galego, Nota
 - b) Calquera campo, Autor, Título, Tema galego, Nota
 - c) Calquera campo, Autor, Título, Tema, Nota
 - d) Palabra clave, Autor, Título, Tema, Nota

43. Segundo o *Manual de Funcións do Persoal Funcionario da USC* vixente, entre as funcións de proceso técnico do persoal da escala Auxiliar de Arquivos, Bibliotecas e Museos está a:
- Captura e importación de rexistros bibliográficos. Colaboración nas correccións, depuracións e melloras dos rexistros
 - Recollida e tratamento dos datos estatísticos para a avaliación de uso dos servizos e coleccións
 - Xestión do préstamo interbibliotecario e fotodocumentación
 - Colaboración nos cursos de formación do alumnado
44. Segundo as *Normas y directrices para bibliotecas universitarias y científicas* de REBIUN (2ª ed. aumentada, 1999), a maior parte da colección, sempre que non se trate de fondo antigo ou materiais que precisen condicións especiais de conservación, debe estar:
- En libre acceso para as persoas usuarias baixo unha clasificación temática
 - En depósitos para todas as persoas usuarias baixo unha clasificación temática
 - En depósitos para todas as persoas usuarias baixo unha clasificación alfabética
 - En libre acceso para as persoas usuarias baixo unha ordenación por número currens
45. Cal dos seguintes non é un obxectivo do movemento Acceso Aberto?
- Eliminar as barreiras económicas ao acceso á literatura científica
 - Limitar os dereitos morais dos autores sobre as súas obras
 - Reducir as barreiras legais que impiden a reutilización da información científica
 - Fomentar unha maior visibilidade dos autores
46. De acordo co artigo 149 dos Estatutos da USC:
- A Biblioteca Universitaria constitúe unha unidade funcional concibida como un centro de recursos para a docencia, a investigación, o estudo e a aprendizaxe, así como para todas aquelas actividades relacionadas co funcionamento e a xestión da Universidade
 - A Biblioteca Universitaria é una combinación orgánica de persoas, coleccións e edificios cuxo propósito é axudar aos seus usuarios no proceso de transformar a información en coñecemento.
 - A Biblioteca Universitaria é un servizo integrado establecido, mantido e administrado pola Universidade, destinado a dar soporte ás funcións encomendadas á Universidade.
 - A Biblioteca Universitaria é o servizo da Universidade responsable da adquisición, conservación, estudo e exposición de libros e documentos.
47. Cal dos seguintes é un repositorio dixital temático?
- DARE
 - OAster
 - PubMed Central
 - ROAR
48. Na subcomunidade *Hospital Real* da comunidade *Archivo Histórico Universitario* de Minerva pódense listar os documentos por:
- Autores
 - Institucións
 - Temas galegos
 - Lugares
49. Entre as bibliotecas dixitais de España está:
- Biblioteca Virtual Vasca
 - Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes
 - Biblioteca Digital de la Real Academia de la Lengua
 - Biblioteca Virtual de Catalunya

50. Cal destes fondos forma parte das coleccións dixitais do AHUS en Minerva?
- Fondo universitario de Consellos
 - Fondo universitario de Expedientes
 - Fondo universitario de Claustros
 - Fondo universitario de Facultades
51. Segundo a lexislación española vixente en materia de Propiedade Intelectual, teñen a obriga de remuneración polos préstamos das obras:
- As bibliotecas dos Institutos de Ensino Secundario.
 - Os establecementos de titularidade pública que presten servizos en municipios de menos de 5000 habitantes
 - Os establecementos de titularidade pública que presten servizos en municipios de máis de 5000 habitantes
 - As bibliotecas das Universidades Españolas Públicas
52. Segundo a información proporcionada no apartado de Préstamo a domicilio da web da BUSC, o alumnado de Grao da USC pode pedir en préstamo:
- Ata 8 obras prestables durante 15 días e 2 obras de préstamo curto durante 10 días
 - Ata 5 obras prestables durante 15 días e 3 obras de préstamo curto durante 8 días
 - Ata 8 obras prestables durante 15 días e 3 obras de préstamo curto durante 10 días
 - Ata 5 obras prestables durante 15 días e 3 obras de préstamo curto durante 10 días
53. Conforme aos Estatutos da USC, a que órgano universitario lle corresponde a función da conservación, ordenación e xestión da parte administrativa do Arquivo Universitario?
- Ao/Á secretario/a xeral
 - Ao/Á director/a do Arquivo Universitario
 - Ao/Á xerente/a da Universidade
 - Á Comisión do Arquivo
54. Segundo a web da BUSC o Servizo de Información e Referencia:
- Está centralizado na Biblioteca Xeral, no Pazo de Fonseca
 - Só está á disposición dos membros da comunidade universitaria da USC
 - Inclúe unha sección de formación de competencias en información
 - Proporciona un formulario electrónico de contacto para as consultas das persoas usuarias
55. Cal das seguintes afirmacións é falsa?
- As tarifas de reprografía da BUSC apróbaas a Comisión da Biblioteca Universitaria
 - Para acceder ao préstamo de libros electrónicos da BUSC é preciso identificarse coas credenciais institucionais
 - O alumnado de Posgrao da USC pode levar en préstamo ata 20 obras por un período de 15 días
 - A Biblioteca da USC pode expedir pases temporais para consultas ocasionais dos fondos
56. Segundo a lexislación vixente en materia de Propiedade Intelectual, o persoal de universidades nas súas funcións de investigación científica non necesitará autorización do autor ou editor para realizar actos de reprodución, distribución e comunicación pública de pequenos fragmentos de obras:
- Sempre que se trate de obras non divulgadas
 - Sempre que se inclúan o nome do autor e a fonte, agás nos casos en que resulte imposible.
 - Sempre que sexan obras que estean no dominio público
 - Sempre que se remunere aos autores e editores pola realización destes actos

- 57. Un profesor visitante podería estar incluído dentro do Portal de Investigación da USC?**
- a) Non, porque non forma parte da comunidade universitaria da USC
 - b) Non, porque non está recollido no regulamento do Portal
 - c) Si, se así o recolle o contrato ou convenio
 - d) Si, ao ter contrato coa USC está automaticamente incluído
- 58. O documento europeo DIGCOMP establece 21 Competencias Dixitais, repartidas en 5 Áreas:**
- a) Información e tratamento de datos, comunicación e colaboración, creación de contido dixital, seguridade, resolución de problemas
 - b) Información e procura de datos, comunicación e redacción, creación de contido dixital, seguridade, resolución de problemas
 - c) Información e tratamento de datos, comunicación e colaboración, creación de bibliografías e redacción de contidos, seguridade, resolución de problemas
 - d) Información e avaliación de datos, comunicación e colaboración, creación de contido dixital, dereitos de autor, seguridade
- 59. En arquivos, a que corresponde a seguinte definición: "instrumento de referencia que describe as series documentais dun fondo"?**
- a) Inventario
 - b) Guía
 - c) Catálogo
 - d) Rexistro
- 60. Cantos niveis oferta a BUSC dos Cursos de Competencias en Información para o alumnado?**
- a) Dous: básico e avanzado
 - b) Dous: básico e intermedio
 - c) Tres: básico, intermedio e avanzado
 - d) Tres: básico, avanzado e experto
- 61. Quen pode solicitar novas adquisicións a través do formulario habilitado na páxina web da BUSC?**
- a) Calquera persoa usuaria da BUSC
 - b) A Comunidade Universitaria de Santiago de Compostela
 - c) A Comunidade Universitaria do Sistema Universitario Galego
 - d) O alumnado e o profesorado da USC
- 62. Que nome recibe o blog da Biblioteca Universitaria da USC?**
- a) Fonte Limpa
 - b) Suma-Te
 - c) Fonseca
 - d) Fonte Seca
- 63. En Minerva atopamos:**
- a) 3 comunidades: Arquivo Histórico Universitario, Biblioteca, Institucional
 - b) 5 comunidades: Arquivo Histórico Universitario, Biblioteca, Patrimonial, Docencia e Innovación educativa, I+D+I,
 - c) 5 comunidades: Arquivo Histórico Universitario, Biblioteca, Institucional, Docencia e Innovación educativa, I+D+I
 - d) 5 comunidades: Arquivo Histórico Universitario, Biblioteca Universitaria, Institucional, Docencia e Innovación educativa, I+D+I

64. Cal das seguintes é unha forma ordinaria de ingreso de documentos nos arquivos?
- Transferencia
 - Doazón
 - Permuta
 - Legado
65. Segundo a *Guía de uso da web social e ferramentas 2.0* da BUSC (2013), cantas veces ao día é necesario actualizar Twitter?
- Mínimo 2 e máximo 10
 - Mínimo 1 e máximo 6
 - Mínimo 1 e máximo 5
 - Mínimo 2 e máximo 6
66. Segundo a lexislación española vixente en materia de Propiedade Intelectual, cal dos seguintes non é un dereito moral do autor?
- Determinar se divulga a súa obra co seu nome, baixo pseudónimo ou de xeito anónimo
 - Retirar a obra do comercio, por cambio das súas conviccións intelectuais ou morais, previa indemnización de danos e perdas aos titulares de dereitos de explotación
 - Distribuír a súa obra mediante a súa venda, aluguer, préstamo ou de calquera outra forma
 - Esixir o recoñecemento da súa condición de autor da obra
67. Conforme á Constitución Española, o dereito a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinión mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución:
- É dun dereito fundamental
 - Pode restrinxirse mediante sistemas de censura previa
 - Pode exercerse sen ningún tipo de restrición ou límite
 - Implica a prohibición do secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información, en calquera caso
68. Os acordos entre as institucións e as editoriais académicas que inclúen conxuntamente a publicación de artigos de investigación en acceso aberto e a dispoñibilidade dos contidos dixitais reciben o nome de:
- Acordos de publicación conxunta
 - Acordos transformativos
 - Acordos de procesamento
 - Acordos Open Access
69. De acordo co título II da Lei orgánica 6/2001 de universidades (LOU), os departamentos son:
- Os centros encargados da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos de grao.
 - As unidades de docencia e investigación encargadas de coordinar ensinanzas dun ou varios ámbitos de coñecemento nun ou varios centros.
 - Centros dedicados á investigación científica e técnica ou á creación artística.
 - Unidades que teñen por obxecto fundamental a organización, dentro do seu ámbito de xestión, do doutoramento nunha ou varias ramas de coñecemento ou con carácter interdisciplinar.
70. Cal das seguintes non é unha base de datos do ámbito das ciencias segundo se recolle en reBUSCa?
- MathSciNet
 - SciFinder-n
 - Zentralblatt Math
 - Arkyves

71. Segundo a web da BUSC, o servizo de Préstamo Interbibliotecario leva a cabo:

- a) As tarefas de obter documentos non existentes nas coleccións da BUSC e prestalos a domicilio ás persoas usuarias da BUSC
- b) Unha soa tarefa, a de proporcionar documentos existentes nas coleccións da BUSC a outras bibliotecas universitarias
- c) As tarefas de obter documentos non existentes nas coleccións da BUSC e de proporcionar documentos existentes nas coleccións da BUSC a outras bibliotecas
- d) As tarefas de intercambiar documentos duplicados existentes nas coleccións da BUSC por documentos existentes noutras bibliotecas universitarias

72. A base de datos TESEO alberga información sobre as teses de doutoramento desde:

- a) 1978
- b) 1982
- c) 1975
- d) 1976

73. Cal das seguintes características son aplicables ao persoal funcionario de carreira?

- a) Realizará as funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas
- b) É nomeado por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia
- c) En virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, prestan servizos retribuídos nas administracións públicas
- d) En virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial

74. A biblioteca dixital da Biblioteca Nacional de España chámase:

- a) Biblioteca Virtual Española
- b) Biblioteca Digital Hispana
- c) Biblioteca Digital Hispánica
- d) Biblioteca Virtual Hispánica

75. Cal destas características ten a biblioteca do Arquivo Histórico Universitario?

- a) Está adscrita á Biblioteca de Xeografía e Historia
- b) Está adscrita á Biblioteca de Medicina, por proximidade
- c) Ningún dos seus fondos se recolle no catálogo IACOBUS
- d) Non ten asignado o servizo de préstamo a domicilio nin reprodución

76. En arquivística, cal é o principio fundamental que establece que os documentos producidos por unha institución ou organismo non deben mesturarse cos doutros?

- a) Principio das tres idades
- b) Principio de procedencia
- c) Principio do ciclo vital
- d) Principio de clasificación

77. Cal é a primeira obra impresa na que figura o ano de publicación e lugar de impresión?

- a) Misal de Constanza
- b) Psalmorum Codex
- c) Biblia de Gutenberg
- d) Salterio de Maguncia

78. A "operación arquivística na que se establecen secuencias naturais, cronolóxicas ou alfabéticas dentro das categorías e grupos xa definidos" denomínase:
- a) Clasificación
 - b) Catalogación
 - c) Ordenación
 - d) Rexistro
79. En reBUSCa aparecen os recursos electrónicos ordenados por:
- a) A-Z de recursos, tipoloxía e guías de materia
 - b) A-Z de recursos, libros electrónicos e bases de datos
 - c) Libros electrónicos, guías de materia e editores/provedores
 - d) A-Z de recursos, editores/provedores e tipoloxía
80. Que nome recibe a primeira edición impresa dunha obra literaria, inmediatamente posterior aos manuscritos do autor e á copia para os impresores?
- a) Ecdótica
 - b) Crítica
 - c) Príncipe
 - d) Acéfala
81. Segundo o artigo 48 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) desenvolverán os seus sistemas de arquivos a través das súas propias normas, logo do informe do:
- a) Consello de Cooperación Arquivística
 - b) Dirección Xeral de Arquivos Bibliotecas e Museos
 - c) Consello de Arquivos de Galicia
 - d) Consello de Arquivos Universitarios de Galicia
82. A UNESCO define o libro como unha publicación impresa non periódica que consta, como mínimo, de cantas páxinas?
- a) 49 sen contar a cuberta
 - b) 49 contando a cuberta
 - c) 48 sen contar a cuberta
 - d) 50
83. Cal dos seguintes colectivos non pode considerarse como interesado no procedemento administrativo segundo a Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)?
- a) quen o promova como titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos
 - b) Aquelas persoas que, sen ter iniciado o procedemento teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que se adopte nel
 - c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e se presenten no procedemento en tanto non recaera resolución definitiva
 - d) Calquera cidadán con plena capacidade de obrar, independentemente da titularidade de dereitos lexítimos
84. Que director da BUSC redactou un índice de libros prohibidos ou sospeitosos gardados na biblioteca?
- a) José Francisco Pedrosa Montenegro y Aguiar
 - b) Joaquín María Patiño
 - c) Felipe Gutiérrez de la Peña y Tostado
 - d) Francisco del Valle Inclán

- 85. Cal das seguintes non é unha obriga dos empregados públicos recollida na Lei de Emprego Público de Galicia?**
- Respectar a Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico.
 - Basear a súa conducta no respecto dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas.
 - Absterse naqueles asuntos en que teñan un interese persoal.
 - Influír na axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo, sen causa xusta, cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros.
- 86. Segundo o artigo 26 do Regulamento do Arquivo Universitario da USC (Xunta de Goberno, 20 de xullo de 1998), como será a saída temporal de documentos históricos?**
- Terá que ser autorizada polo reitor, tralo informe da Dirección do Arquivo só na documentación xerada pola propia universidade
 - Terá que ser autorizada polo reitor, tralo informe da Dirección do Arquivo, só nos casos nos en que a documentación estea en depósito
 - Terá que ser autorizada polo Claustro Universitario, tralo informe da Dirección do Arquivo
 - Terá que ser autorizada polo reitor, tralo informe da Dirección do Arquivo
- 87. O primeiro inventario da BUSC data de:**
- 1795
 - 1673
 - 1595
 - 1573
- 88. Segundo o título IV da Lei 7/2014 do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, cal destas é unha infracción leve?**
- Impedir arbitrariamente o acceso dos cidadáns á información ou aos documentos
 - Obstaculizar o préstamo e a utilización dos datos contidos nos documentos por parte dos organismos produtores dos documentos
 - Permitir o acceso á información daqueles documentos restrinxidos polas disposicións legais
 - Publicar ou utilizar indebidamente segredos oficiais así declarados por lei ou clasificados como tales
- 89. A partir de que ano a xestión da Axencia Española do ISBN foi asumida pola Federación de Gremios de Editores de España (FGEE)?**
- 2015
 - 2010
 - 2012
 - 1972
- 90. Segundo o artigo 7.3 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, terán a consideración de órganos consultivos en materia de bens culturais:**
- As universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia, a Fundación Penzol e a Administración local
 - A Comisión Técnica de Arqueoloxía e a Comisión Técnica de Etnografía
 - A Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e as universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia
 - O Instituto do Patrimonio Cultural de España, os Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia e as universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia

91. Segundo o artigo 49 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, que documentos xerados, conservados ou reunidos por calquera entidade particular ou persoa física integran o Patrimonio Documental?
- a) Os que teñan unha antigüidade superior aos cen anos
 - b) Os que teñan unha antigüidade superior aos corenta anos
 - c) Os anteriores a 1958
 - d) Os anteriores a 1965
92. Segundo a *Guía de uso da web social e ferramentas 2.0* da BUSC (2013), que canle social é única para o conxunto da BUSC?
- a) Issuu
 - b) Twitter
 - c) Youtube
 - d) Delicious
93. Na Constitución Española garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto
- a) Sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento do orde público protexido pola lei.
 - b) Sen limitacións, dado que se trata de dereitos fundamentais
 - c) Con limitacións, que serán reguladas por leis orgánicas
 - d) Con limitacións, que deberán regularse en función do avance da sociedade
94. Segundo os compromisos de calidade do Arquivo Histórico Universitario da USC, cal será o prazo de reserva de unidades de instalación?
- a) Ata un máximo de 3 durante dous días, a petición das persoas usuarias
 - b) Ata un máximo de 5 durante dous días, a petición das persoas usuarias
 - c) Ata un máximo de 5 durante unha semana, a petición das persoas usuarias
 - d) Ata un máximo de 2 durante dous días, a petición das persoas usuarias
95. En que ano foi recoñecida por Real Orden a Biblioteca América?
- a) 1909
 - b) 1904
 - c) 1926
 - d) 1896
96. Cal dos seguintes enunciados non é correcto, de acordo coa Constitución Española?
- a) Todos teñen o dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino
 - b) A ensinanza primaria é o único nivel obrigatorio e gratuíto
 - c) No proceso educativo deberán respectarse os principios democráticos de convivencia e os dereitos e liberdades fundamentais.
 - d) Recoñécese a autonomía das universidades, nos termos que a lei estableza
97. Indique cal dos seguintes enunciados non é correcto segundo o artigo 34 da LOU:
- a) As universidades impartirán ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional
 - b) As universidades non poderán impartir ensinanzas doutros títulos distintos aos oficiais
 - c) Os títulos universitarios de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional deberán inscribirse no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos
 - d) O Goberno regulará o procedemento e as condicións para a inscrición dos títulos impartidos polas universidades no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos

98. A Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) é de aplicación supletoria

- a) Ás universidades públicas
- b) Á Administración Xeral do Estado
- c) Ás entidades que integran a administración local
- d) Ás administracións das comunidades autónomas

99. Como é o acceso web ao banco de datos e imaxes dos documentos do Arquivo Histórico Universitario?

- a) Só pode accederse desde un ordenador da rede da USC ou utilizando a rede sen fíos da USC
- b) Pode accederse directamente en internet a través do servizo de Proxy autenticado e coas credenciais da USC
- c) Pode accederse directamente sen necesidade de identificación ou contrasinal
- d) A primeira vez que se entre hai que crear unha conta con identificador e contrasinal que serán as que se utilizarán nas seguintes veces

100. De acordo co artigo 16 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), o secretario dun órgano colexiado dunha administración pública:

- a) Debe ser necesariamente un membro do propio órgano
- b) Debe ser necesariamente unha persoa ao servizo da Administración Pública correspondente
- c) Pode ser un membro do propio órgano ou unha persoa ao servizo da Administración Pública correspondente
- d) Debe ser, preferentemente, un representante dos intereses sociais no órgano colexiado

101. Conforme ao artigo 17 da LRXSP, para que a constitución dun órgano colexiado sexa válida deberán estar presentes, como mínimo, os seguintes membros:

- a) O presidente, o secretario, ou, de ser o caso, quen os suplan, e a metade dos seus membros.
- b) O presidente e o secretario
- c) O presidente e a metade dos seus membros.
- d) Sempre deben estar presentes todos os membros

102. No artigo 17 da LRXSP enuméranse os medios válidos para a celebración de reunións dos órganos colexiados na modalidade a distancia. Cal dos seguintes non se cita expresamente como medio válido?

- a) O correo postal
- b) O correo electrónico
- c) A videoconferencia
- d) A audioconferencia

103. De acordo coa LOU, o Consello Social é:

- a) O órgano de goberno da universidade
- b) O órgano de participación da sociedade na universidade
- c) O máximo órgano de representación da comunidade universitaria
- d) O órgano encargado das actividades sociais da universidade

104. En arquivos, a que se corresponde a seguinte definición: “unidade documental formada por un conxunto de documentos xerado orgánica e funcionalmente por un suxeito produtor na resolución dun mesmo asunto”?

- a) Minuta
- b) Subserie
- c) Fracción de serie
- d) Expediente

105. De acordo co artigo 15 da LOU, cal dos seguintes é un requisito necesario para que as universidades poidan impartir unha titulación oficial?

- a) A publicación do plan de estudos no Boletín Oficial do Estado
- b) A publicación do plan de estudos no boletín da comunidade autónoma correspondente
- c) A autorización da comunidade autónoma correspondente
- d) A inscrición do título no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos

106. De acordo cos Estatutos da USC, esta Universidade estrutúrase basicamente en:

- a) Departamentos, facultades, escolas, institutos universitarios de investigación e escolas de doutoramento
- b) Departamentos, facultades, escolas, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento e servizo universitario de bibliotecas
- c) Departamentos, facultades, escolas, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento, servizo universitario de bibliotecas e servizo de publicacións
- d) Departamentos, facultades, escolas, institutos universitarios de investigación, escola internacional de doutoramento, servizo universitario de bibliotecas e servizo de publicacións

107. Cal dos seguintes non é un dereito individual dos empregados públicos segundo a Lei de Emprego Público de Galicia?

- a) A inamovibilidade na condición de persoal funcionario de carreira
- b) A mobilidade profesional nos termos previstos pola Lei
- c) O establecemento dos obxectivos atribuídos á unidade onde presten os seus servizos
- d) A formación continua e a actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral

108. Que tipoloxías documentais son admitidas no Portal de Investigación da USC?

- a) Resumo de achegas a congresos, libros, entrevistas
- b) Achegas a congresos publicadas, libros, patentes
- c) Congresos virtuais, capítulos de libro, artigos
- d) Artigos publicados en revistas indexadas, achegas en blogs, libros

109. Que conxunto documental ten o Arquivo Histórico Universitario dentro da sección de arquivos familiares?

- a) Familia Aperribay Pita da Veiga
- b) Casa de Montaos
- c) Familia Baeza Buceta
- d) Casa Ducal de Alba

110. Entre as coleccións de documentos dixitais da BUSC está:

- a) BUSC Dixital. Incunables
- b) BUSC Dixital. Fondo galego
- c) BUSC Dixital. Prensa
- d) BUSC Dixital. Mapas

111. En arquivos, que instrumento de consulta reflicte a organización dun fondo documental ou dos fondos dun arquivo, e achega datos esenciais da súa estrutura?

- a) O inventario
- b) O rexistro
- c) O catálogo
- d) O cadro de clasificación

112. En arquivos, que é unha folla de remisión?

- a) É o instrumento de control que relaciona correlativamente o contido de cada unha das unidades de conservación dun depósito de arquivo
- b) É a lista de documentos propostos para a súa eliminación previa autorización
- c) É a relación de entrega que acompaña a cada transferencia de fondos
- d) É o instrumento de control que pode servir como instrumento de referencia e permite coñecer a distribución no depósito de cada unha das fraccións cronolóxicas dunha serie documental, o seu volume, data de ingreso, data de saída etc.

113. Cal dos seguintes fondos se incorporou á BUSC a finais do século XIX?

- a) A biblioteca da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago
- b) A biblioteca do arcebispo Lago González
- c) A Biblioteca América
- d) A biblioteca dos Duques de Osuna

114. Segundo os compromisos de calidade do Arquivo Histórico Universitario da USC, cal será o prazo máximo de entrega de documentación solicitada na Sala de Investigadores?

- a) Media hora
- b) 1 hora
- c) 1 cuarto de hora
- d) 1 día

115. Segundo a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, a que se corresponde a seguinte definición : “conxunto de documentos que testemuñan a actividade desenvolvida de forma continuada no tempo por un ou varios suxeitos produtores no exercicio dunha determinada función e regulada xeralmente por unha mesma norma de procedemento”?

- a) Fondo documental
- b) Serie documental
- c) Sección documental
- d) Expediente documental

116. Conforme aos Estatutos da USC, a unidade mínima bibliotecaria será:

- a) A biblioteca de centro
- b) A biblioteca de departamento
- c) A biblioteca intercentros
- d) Non se determina nos Estatutos a unidade mínima bibliotecaria

117. En arquivos, a que se corresponde a seguinte definición “instrumento de referencia que describe globalmente fondos documentais dun ou varios arquivos”?

- a) Inventario
- b) Guía
- c) Catálogo
- d) Rexistro

118. Segundo o *Barómetro de hábitos de lectura e compra de libros en España*, elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España (FGEE), que se considera material de lectura desde o ano 2017?

- a) Os audiolibros
- b) As redes sociais
- c) Os manuais técnicos
- d) Os álbums ilustrados

119. Segundo o artigo 8 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, os documentos de titularidade pública son:

- a) Inalienables, imprescindibles e inembargables
- b) Inalienables, patrimoniais e inembargables
- c) Inalienables, inventariables e inembargables
- d) Inalienables, imprescritibles e inembargables

120. Cal dos seguintes servizos bibliotecarios non ofrece a BUSC?

- a) Préstamo de lectores de libros electrónicos
- b) Información e referencia
- c) Préstamo interbibliotecario
- d) Préstamo entre centros da BUSC

PREGUNTAS DE RESERVA

121. Segundo o artigo 3 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, o conxunto de medios que se poñen á disposición das persoas usuarias na propia biblioteca nos distintos soportes, ademais daqueles dos que se lles facilita o acceso mediante o préstamo interbibliotecario ou mediante os recursos electrónicos en liña, corresponde á definición de:
- a) Fondo documental bibliotecario
 - b) Recursos de información
 - c) Colección bibliográfica
 - d) Fondo bibliográfico
122. Que destacado bibliotecario asegurou que a Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela non contaba con ningún incunable no seus fondos?
- a) Jose María de Bustamante y Urrutia
 - b) Konrad Haebler
 - c) Francisco García Craviotto
 - d) José Villaamil y Castro
123. Segundo o artigo 63 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español os Bens integrantes do Patrimonio Documental e Bibliográfico custodiados en Arquivos e Museos de titularidade estatal poderán saír do centro de orixe previa autorización:
- a) Mediante Orde ministerial
 - b) Da dirección do Museo ou Arquivo de orixe
 - c) Mediante Real Decreto
 - d) Do Consello de Cooperación Bibliotecaria
124. De acordo cos Estatutos da USC, é competencia da Biblioteca Universitaria xestionar todos os fondos bibliográficos e documentais, sen prexuízo do establecido nos Estatutos para o Arquivo Universitario, adquiridos por:
- a) Polos diferentes centros de gasto da Universidade.
 - b) Só pola Biblioteca Xeral e as bibliotecas de centro
 - c) Exclusivamente pola Biblioteca Xeral, as bibliotecas de centro e as bibliotecas intercentros
 - d) Só pola Biblioteca Xeral, as bibliotecas de centro, as bibliotecas intercentros e as bibliotecas de institutos.
125. A norma ISAD (G) define 6 elementos obrigatorios a nivel de fondo, pertencentes a que dúas áreas?
- a) Área de identificación e área de contido e estrutura
 - b) Área de identificación e área de condicións de acceso e utilización
 - c) Área de identificación e área de contexto
 - d) Área de identificación e área de control